


# El Ideal Gallego

## Celso Emilio de Vagar

VICENTE ARAGUAS



**ONDE O MUNDO SE CHAMA  
CELSO EMILIO FERREIRO**  
RAMÓN NICOLÁS  
Editorial Xerais. 24 euros.

**L**in con pracer e agradecemento (a Celso por ter existido e dar pé a esta biografía, a Ramón Nicolás por tela acometido) a viaxe exhaustiva pola vida e obra de CEF que fai o profesor e crítico vigués en *Onde o mundo se chama Celso Emilio Ferreiro* (Edicións Xerais, Vigo, 2012). ¿Exhaustiva? Un dicir, claro, porque por monumental que fose o esforzo de Nicolás, coidando na proximidade temporal na que se atopa o poeta de Celanova, tamén de que aínda bulimos moitos dos que o trataran (do que é testemuña este volume, tan vivo e directo que dá xenio lelo e sentilo), a obxectividade total, máis a inclusión de aspectos que poideran resultar especialmente conflictivos, non semellan doadas de momento. Terán de pasar ben de anos para que isto aconteza, sendo no interín esta a primeira biografía “definitiva” (e “autorizada”, pola familia, xa se entende) do autor de *Longa noite de pedra*.

Así e todo cousas debo engadir que nestas seiscentas páxinas, que lin en tres sesións, desde o interese e a paixón, xorde a historia dun home que, como tantos outros, tivo a desgraza de que a Guerra Civil esnaquizase a súa vida poñéndoo no disparadeiro de ter que optar polo bando que non era. Que non era o seu, véxase a actitude “arredista”

Nestas páxinas de Ramón Nicolás xorde a historia dun home que tivo a desgraza de que a Guerra Civil esnaquizase a súa vida poñéndoo no disparadeiro de ter que optar polo bando que non era o seu

de CEF antes do conflito bélico, forzando ao poeta a unha posición ben fráxil, mesmo incluíndo o famoso poema (que publicara “El Compostelano”, novembro de 1937) que se cadra servira para pagar certas peaxes que evitasen percorridos mesmo letais.

Así e todo parte dunha traxectoria de home de moitas pezas ou aristas, que é o que humaniza moitísimo a un personaxe, mito desde a primeira edición bilingüe de *Longa noite de pedra*, a que rolou cal a “rolling stone” dylaniano non soamente por Galicia senón polas “España” dun dos máis coñecidos poemas de Celso. Un acerto grande


desta biografía, abondo coral nun coro ben concertado e dirixido por Ramón Nicolás, é a combinación de voces. A do biógrafo que conta a historia de xeito neutral. A do autor que se implica, belixerante, de tendencia, cal como quería Celso para a súa poética. A do propio Ferreiro, empregada dun xeito moi natural, allea a toda impostación. Eis un valor engadido a canto aquí se nos conta e valora. A historia dun home ao que lle tocara vivir a beira histórica máis dura contada, definitivamente, noutra lingua. E que el soubo interpretar en clave lírica, mais, cabe dicir, desde un concepto épico.

A Ramón Nicolás, traballador incansable e teimoso, tocoulle desta volta poñer música a tan complexo argumento. O que fixo con sabedoría, rigor e amenidade. Tardará moito tempo, xa se dixo, en aparecer outra biografía “total” deste grandísimo (porque foi quen de vencellar calidade e claridade) poeta. E cando saía vai ter que beber pero que moito no libro de Ramón Nicolás. Un “must” neste país que se move entre a haxiografía e o ninguneo.

Nicolás, lástima fora, está a prol de CEF, un dos seus “fraquinhos”. Mais desde a categoría. O que non exclúe o sal e a pementa anecdóticos que salfiren o seu relato. Que iso é tamén este exemplar volume.

## Celso Emilio de Vagar

VICENTE ARAGUAS



**ONDE O MUNDO SE CHAMA  
CELSE EMILIO FERREIRO**  
RAMÓN NICOLÁS  
Editorial Xerais. 24 euros.

**L**in con pracer e agradecemento (a Celso por ter existido e dar pé a esta biografía, a Ramón Nicolás por tela acometido) a viaxe exhaustiva pola vida e obra de CEF que fai o profesor e crítico vigués en *Onde o mundo se chama Celso Emilio Ferreiro* (Edicións Xerais, Vigo, 2012). ¿Exhaustiva? Un dicir, claro, porque por monumental que fose o esforzo de Nicolás, coidando na proximidade temporal na que se atopa o poeta de Celanova, tamén de que aínda bulimos moitos dos que o trataran (do que é testemuña este volume, tan vivo e directo que dá xenio lelo e sentilo), a obxectividade total, máis a inclusión de aspectos que poideran resultar especialmente conflictivos, non semellan doadas de momento. Terán de pasar ben de anos para que isto aconteza, sendo no interín esta a primeira biografía “definitiva” (e “autorizada”, pola familia, xa se entende) do autor de *Longa noite de pedra*.

Así as cousas debo engadir que nestas seiscentas páxinas, que lin en tres sesións, desde o interese e a paixón, xorde a historia dun home que, como tantos outros, tivo a desgraza de que a Guerra Civil esnaquizase a súa vida poñéndoo no disparadeiro de ter que optar polo bando que non era. Que non era o seu, véxase a actitude “arredista”

Nestas páxinas de Ramón Nicolás xorde a historia dun home que tivo a desgraza de que a Guerra Civil esnaquizase a súa vida poñéndoo no disparadeiro de ter que optar polo bando que non era o seu

de CEF antes do conflito bélico, forzando ao poeta a unha posición ben fráxil, mesmo incluíndo o famoso poema (que publicara “*El Compostelano*”, novembro de 1937) que se cadra servira para pagar certas peaxes que evitasen percorridos mesmo letais.

Así e todo parte dunha traxectoria de home de moitas pezas ou aristas, que é o que humaniza moitísimo a un personaxe, mito desde a primeira edición bilingüe de *Longa noite de pedra*, a que rolou cal a “rolling stone” dylaniano non soamente por Galicia senón polas “Españas” dun dos máis coñecidos poemas de Celso. Un acerto grande


desta biografía, abondo coral nun coro ben concertado e dirixido por Ramón Nicolás, é a combinación de voces. A do biógrafo que conta a historia de xeito neutral. A do autor que se implica, belixerante, de tendencia, cal como quería Celso para a súa poética. A do propio Ferreiro, empregada dun xeito moi natural, allea a toda impostación. Eis un valor engadido a canto aquí se nos conta e valora. A historia dun home ao que lle tocara vivir a beira histórica máis dura contada, definitivamente, noutra lingua. E que el soubo interpretar en clave lírica, mais, cabe dicir, desde un concepto épico.

A Ramón Nicolás, traballador incansable e teimoso, tocoulle desta volta poñer música a tan complexo argumento. O que fixo con sabedoría, rigor e amenidade. Tardará moito tempo, xa se dixo, en aparecer outra biografía “total” deste grandísimo (porque foi quen de vencellar calidade e claridade) poeta. E cando saia vai ter que beber pero que moito no libro de Ramón Nicolás. Un “must” neste país que se move entre a haxiografía e o ninguneo.

Nicolás, lástima fora, está a prol de CEF, un dos seus “fraquinhos”. Mais desde a categoría. O que non exclúe o sal e a pementa anecdóticos que salfiren o seu relato. Que iso é tamén este exemplar volume.

## Celso Emilio de Vagar

VICENTE ARAGUAS



**ONDE O MUNDO SE CHAMA  
CELSO EMILIO FERREIRO**  
RAMÓN NICOLÁS  
Editorial Xerais. 24 euros.

**L**in con pracer e agradecemento (a Celso por ter existido e dar pé a esta biografía, a Ramón Nicolás por tela acometido) a viaxe exhaustiva pola vida e obra de CEF que fai o profesor e crítico vigués en *Onde o mundo se chama Celso Emilio Ferreiro* (Edicións Xerais, Vigo, 2012). ¿Exhaustiva? Un dicir, claro, porque por monumental que fose o esforzo de Nicolás, coidando na proximidade temporal na que se atopa o poeta de Celanova, tamén de que aínda bulimos moitos dos que o trataran (do que é testemuña este volume, tan vivo e directo que dá xenio lelo e sentilo), a obxectividade total, máis a inclusión de aspectos que poideran resultar especialmente conflictivos, non semellan doadas de momento. Terán de pasar ben de anos para que isto aconteza, sendo no interín esta a primeira biografía “definitiva” (e “autorizada”, pola familia, xa se entende) do autor de *Longa noite de pedra*.

Así as cousas debo engadir que nestas seiscentas páxinas, que lin en tres sesións, desde o interese e a paixón, xorde a historia dun home que, como tantos outros, tivo a desgraza de que a Guerra Civil esnaquizase a súa vida poñéndoo no disparadeiro de ter que optar polo bando que non era. Que non era o seu, véxase a actitude “arredista”

Nestas páxinas de Ramón Nicolás xorde a historia dun home que tivo a desgraza de que a Guerra Civil esnaquizase a súa vida poñéndoo no disparadeiro de ter que optar polo bando que non era o seu

de CEF antes do conflito bélico, forzando ao poeta a unha posición ben fráxil, mesmo incluíndo o famoso poema (que publicara “El Compostelano”, novembro de 1937) que se cadra servira para pagar certas peaxes que evitasen percorridos mesmo letais.

Así e todo parte dunha traxectoria de home de moitas pezas ou aristas, que é o que humaniza moitísimo a un personaxe, mito desde a primeira edición bilingüe de *Longa noite de pedra*, a que rolou cal a “rolling stone” dylaniano non soamente por Galicia senón polas “España” dun dos máis coñecidos poemas de Celso. Un acerto grande

desta biografía, abondo coral nun coro ben concertado e dirixido por Ramón Nicolás, é a combinación de voces. A do biógrafo que conta a historia de xeito neutral. A do autor que se implica, belixerante, de tendencia, cal como quería Celso para a súa poética. A do propio Ferreiro, empregada dun xeito moi natural, allea a toda impostación. Eis un valor engadido a canto aquí se nos conta e valora. A historia dun home ao que lle tocara vivir a beira histórica máis dura contada, definitivamente, noutra lingua. E que el soubo interpretar en clave lírica, mais, cabe dicir, desde un concepto épico.

A Ramón Nicolás, traballador incansable e teimoso, tocoulle desta volta poñer música a tan complexo argumento. O que fixo con sabedoría, rigor e amenidade. Tardará moito tempo, xa se dixo, en aparecer outra biografía “total” deste grandísimo (porque foi quen de vencellar calidade e claridade) poeta. E cando saia vai ter que beber pero que moito no libro de Ramón Nicolás. Un “must” neste país que se move entre a haxiografía e o ninguneo.

Nicolás, lástima fora, está a prol de CEF, un dos seus “fraquinhos”. Mais desde a categoría. O que non exclúe o sal e a pementa anecdóticos que salfiren o seu relato. Que iso é tamén este exemplar volume.